



Recomendación á Universidade da Coruña para expida con toda urxencia o SET de Máster solicitado, dado que o Suplemento Europeo ao Título é un dereito do alumnado ao abeiro do disposto no Real Decreto 22/2015, de 23 de enero. O seu artigo 3 especifica que unha vez superados os estudos conducentes aos títulos oficiais de Grao ou Máster e solicitado polo interesado o título, as universidades expedirán xunto ao mesmo o Suplemento Europeo ao Título (SET).

Que desde o servizo que corresponda, se poñan en contacto co interesado para darlle unha data inmediata na que o seu SET estea disponible, sen custo, tal como establece a norma.

Expediente: D.3.Q/4346/19

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2020

Sr. reitor:

Como sabe, nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] sobre a demora na expedición do seu SET de máster, tras teren cursado na Universidade da Coruña o [REDACTED] e solicitar a expedición do Suplemento Europeo ao Título na data do 7 de agosto de 2019.

ANTECEDENTES

-No seu escrito, esencialmente, indicaba que *“La expedición del SET debe ser simultánea a la expedición del título oficial, como dispone el artículo 3 del Real Decreto 22/2015, de 23 de enero, por el que se establecen los requisitos de expedición del Suplemento Europeo a los títulos regulados en el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales y se modifica el Real Decreto 1027/2011, de 15 de julio, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior. El Ministerio de Educación ya ha desarrollado el real decreto citado mediante la Resolución de 14 de septiembre de 2014 de la Dirección General de Política Universitaria por la se aprueban las guías para facilitar la expedición del SET de los títulos oficiales de graduado*

y máster universitario, de acuerdo con lo previsto en el Real Decreto 22/2015, de 23 de enero (se adjunta). La Universidad de A Coruña ya ha regulado de forma interna la expedición del SET mediante la Instrucción del jefe de Servicio de Organización Académica, de 22 de febrero de 2011, para la utilización del módulo informático de expedición de títulos oficiales correspondientes a la ordenación académica anterior a la adaptación al EEES y para la expedición del SET (se adjunta).”

-O promotor desta queixa indicaba que se dirixiu á Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI) de Oza na que informóuselle de que a Universidade aínda non os está expedindo para as titulacións de Máster e non hai aínda unha previsión de facelo (achegaba correo electrónico). O 21 de agosto de 2019 reiterou dita solicitude ante o Servizo de Organización Académica, que non fora aínda resolta na data da presentación do escrito de queixa.

-O interesado remitiu na data do 17 de outubro un correo electrónico recibido desde a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente no que lle comunican que o motivo de que non se puxeran en contacto con el até entón debeuse a que se estaba á espera de recibir un informe que permitira dar datos máis concretos sobre a situación da expedición do SET. O correo da Vicerreitoría lamenta que nestes momentos non se poda resolver a súa solicitude de expedición do SET para o seu título de máster.

O correo conclúe sinalando que non hai máis información da que ofreceron no Servizo de Organización Académica e que nestes momentos a UDC está a establecer a través dos seus servizos informáticos o sistema necesario para levar a cabo a expedición do suplemento de Máster.

A Universidade da Coruña sinala que, co fin de non causar un prexuízo ao alumnado titulado por esa universidade, previa petición, se lle está expedindo un documento que recolle os puntos máis importantes do SET, en inglés e castelán.

-No informe que esta institución requiriu á Universidade de A Coruña, rexistrado o día 7 de outubro, sinalase que a xestión para realizar e, posteriormente, expedir o suplemento europeo ao título (SET) debe examinarse no conxunto do Sistema Universitario de Galicia (SUG), toda vez que o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) foi a entidade que iniciou os trámites para realizar os programas informáticos necesarios para esta xestión, contando para isto coa contratación da Sociedade xestora de intereses da Universidade de Santiago de Compostela (Unixest).

-Mediante a Resolución do 01/06/2018 publicouse no DOG do 12/06/2018 o convenio de colaboración entre as universidades galegas de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se estableceu

a creación dun novo Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). A partir deste momento non se continuou co desenvolvemento das correspondentes aplicacións informáticas, de forma que actualmente ningunha das tres universidades galegas está expedindo o SET de Máster.

O informe conclúe que, por este motivo, a Universidade da Coruña está establecendo, a través dos seus servizos informáticos, o sistema necesario para levar a cabo a expedición do suplemento de Máster.

-Ao non concretar as datas ou períodos nos que o módulo informático estaría operativo, de novo nos diriximos á reitoría para que aportase información complementaria sobre este extremo. No informe achegado pola reitoría sinalase que Universidade da Coruña non ten expedido ningún Suplemento Europeo ao Título de Máster, polas circunstancias explicadas no informe de data 03/10/2019.

En canto aos motivos polos que non se lle tramitou por parte da Universidade de A Coruña o SET simultaneamente á expedición do título oficial, como dispón a normativa vixente, a universidade nos remite copia da instrución interna achegada ao Servizo de Informática e Comunicacions para que se realicen as accións necesarias para poder emitir o SET de Máster. Nesa instrución, con data do 22 de novembro, desde a reitoría indícase que

En tanto por parte do Consorcio Interuniversitario de Galicia non se encomende a UNIXEST o desenvolvemento, dentro do programa XESCAMPUS, da ferramenta necesaria para a expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET) aos titulados de Máster Universitario, reitérase a información verbal que xa foi transmitida ao Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) no mes de febreiro, para que se realicen as adaptacións necesarias no sentido de que a través da ferramenta disposta para a expedición do SET de grao, se poda emitir tamén o SET de Máster.

-Na data do 28 de xaneiro, a persoa que promoveu este expediente nos comunica QUE SE dirixiu novamente á vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña. Malia recibir nun primeiro momento o compromiso de recibir unha data aproximada de expedición do seu SET nun correo de 7 de xaneiro, nun segundo tempo indicouselle que non era posible dar unha data sobre cando estarían listos -en xeral- os SET de máster. Esta circunstancia vinculouse a que a expedición dependía da "axilidade coa que traballasen os distintos axentes implicados" (correo do 22 de xaneiro). Ante este novo cambio de criterio, o interesado respostou solicitando de novo se lle dixese un prazo concreto no que o seu SET puidese ser expedido, seguindo o indicado por esta institución nun oficio de 2 de xaneiro. Este último correo non tivo resposta.

Como expuxo no seu escrito de queixa inicial, a persoa que promoveu este expediente trasladarase proximamente ao estranxeiro. Recentemente comunicáronlle que sería en outubro de 2020, como lle transmitiu á vicerreitora nos correos remitidos. Non dispoñer do SET, tal e como a lei lle recoñece, supón un prexuízo tanxible, ao dificultar o recoñecemento da súa titulación de máster fóra de España.

O reclamante sinala: “O conflito coa Universidade da Coruña no tocante á expedición do meu SET de máster comezou en xullo de 2019, cando solicitei a expedición do título. Presentei queixa ante a Valedora do Pobo en setembro de 2019. Meses despois, a Universidade da Coruña non demostrou avance ningún na expedición do meu SET de máster. A pesar do interese prestado pola Valedora do Pobo neste asunto, a Universidade da Coruña nin ofreceu nin ofrece garantía ningunha de que os SET de máster poidan expedirse nunha data próxima”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da universidade, cómpre facer as seguintes consideracións:

-O Suplemento Europeo ao Título é un dereito do alumnado ao abeiro do disposto no *Real Decreto 22/2015, de 23 de enero, por el que se establecen los requisitos de expedición del Suplemento Europeo a los títulos regulados en el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales y se modifica el Real Decreto 1027/2011, de 15 de julio, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior*. O artigo 3 especifica que unha vez superados os estudos conducentes aos títulos oficiais de Grao ou Máster e solicitado polo interesado o título, as universidades expedirán xunto ao mesmo o Suplemento Europeo ao Título (SET); e que a primeira expedición do Suplemento Europeo ao Título terá carácter gratuíto.

A norma ten carácter imperativo e constitúe unha obriga das universidades ter establecidos os mecanismos técnicos para a expedición do SET.

-Cómpre salientar que o SET non é, en absoluto, unha novidade no ámbito académico. Malia que con carácter transitorio, xa o Real Decreto 1044/2003, do 1 de agosto, estableceu o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título, co fin de asegurar que os títulos oficiais expedidos polas universidades españolas fosen acompañados daqueles elementos de información que asegurasen a transparencia acerca da súa natureza, nivel, contexto e contidos dos ensinos certificados polos devanditos títulos e por tanto, posibilitar a máis ampla mobilidade nacional e internacional de estudantes e titulados españois.

Esa situación transitoria desapareceu co Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que estableceu a nova ordenación dos ensinos universitarios oficiais. Esta nova regulación, que foi modificada polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, supuxo que as universidades españolas puidesen impartir ensinos de Grao, Máster e Doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais. O apartado 2 do artigo 3 do citado Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, preveía que estes títulos oficiais serían expedidos, en nome do Rey, polo Reitor da universidade na que se concluíron os ensinos que dan dereito á súa obtención.

A citada previsión concretouse no Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, que no seu artigo 1.2 contempla como obxecto da súa regulación establecer as condicións e o procedemento polo que as universidades españolas poderán expedir o Suplemento Europeo ao Título dos ensinos conducentes aos títulos de Graduado, Master e Doutor a que se refiren o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, co fin de promover a mobilidade de titulados no Espazo Europeo de Educación Superior.

Finalmente, o Real Decreto 22/2015, de 23 de enero, establece os requisitos de expedición do Suplemento Europeo.

Derivar a responsabilidade da non expedición do SET á paralización dos traballos por parte do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) como entidade que iniciou os trámites para realizar os programas informáticos necesarios para esta xestión, non resulta admisible.

A expedición do suplemento europeo ao título é unha obriga das universidades, que deben cumprir nos seus exactos termos. O documento substitutivo do que se fala nalgúns correos da Universidade da Coruña non ten os efectos do SET, dado que carece do recoñecemento inmediato na Unión Europea para acreditar os coñecementos adquiridos sen máis trámites nin necesidade de homologar ou convalidar. Substituír o SET por un documento sen esa característica esencial é igualmente gravoso que non dispoñer do SET en absoluto.

Tendo en conta que na data do 22 de novembro de 2019 esa Reitoría deu unha Instrucción ao Servizo de Informática e Comunicacions da universidade para que se realizasen as accións necesarias para poder emitir o SET de Máster a través da ferramenta disposta para a expedición do SET de grao, coas adaptacións necesarias, débese proceder con urxencia ao indicado para evitarlle ao interesado un prexuízo profesional que non ten a obriga de soportar.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa reitoría a seguinte **recomendación**:

Que a Universidade de A Coruña expida con toda urxencia o SET de Máster solicitado, dado que o Suplemento Europeo ao Título é un dereito do alumnado ao abeiro do disposto no Real Decreto 22/2015, de 23 de enero. O seu artigo 3 especifica que unha vez superados os estudos conducentes aos títulos oficiais de Grao ou Máster e solicitado polo interesado o título, as universidades expedirán xunto ao mesmo o Suplemento Europeo ao Título (SET).

Que desde o servizo que corresponda, se poñan en contacto co interesado para darlle unha data inmediata na que o seu SET estea disponible, sen custo, tal como establece a norma.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo